





PROGRAMACIÓN GRUPO A (abril – xuño 2012)




La mancha humana, de Philip Roth

Philip Roth lembra nesta novela a dobre moral da sociedade norteamericana con toda a complexidade do problema racial. Distintas caras dunha sociedade que ao aferrarse a valores como a raza, a relixión e a orientación sexual, na defensa do seu individualismo sobre todo na defensa dos seus mesquiños intereses, perde parte da liberdade conquistada.

A miña planta de laranxa-lima, de José Mauro de Vasconcelos




A obra máis emblemática de José Mauro de Vasconcelos, é una novela en gran parte autobiográfica sobre as vivencias de Zezé, un pequeno de cinco anos con soños de poeta entre a miseria e a incomprensión. Un relato social que retrata ao Brasil máis desfavorecido pero tamén un relato cheo de lirismo e sensibilidade. Publicado en 1968, vendeu máis de medio millón de exemplares en Brasil.



Longa noite de pedra, de Celso Emilio Ferreiro

Neste centenario do nacemento do escritor de Celanova, programamos unha das obras máis importantes e representativas de Celso Emilio Ferreiro, na que o poeta plasma un espírito loitador que denuncia a desigualdade social, a emigración, as presións políticas, para avogar pola liberdade e a paz. Unha concepción do mundo, crítica e solidaria, que fixo del un poeta intemporal.

Nada, de Carmen Laforet



Unha historia de accións, de conflitos e confrontacións entre seres descentrados a través da visión dunha moza, Andrea, que parte á Barcelona da posguerra a iniciar unha nova vida como estudante universitaria e deixar atrás as ataduras que lle foran impostas na súa estadía no rural. Escrita en 1945, obtivo o Premio Nadal na súa primeira convocatoria.

GRUPO A